

**ANUNCIO BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN POR CONCURSO OPOSICIÓN DO PERSOAL PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PROFESORES DO CONSERVATORIO PROFESIONAL E DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARZÚA**

Por decreto do alcalde nº 528 de data 14 de agosto de 2019, resolveuse aprobar as bases para a formación dunha bolsa de emprego de profesores do conservatorio profesional e da escola municipal de música de Arzúa

O prazo de presentación de instancias, por 10 días hábiles, comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria deste proceso de selección no BOP.

As bases aprobadas teñen o seguinte contido:

**BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN POR CONCURSO OPOSICIÓN DO PERSOAL PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PROFESORES DO CONSERVATORIO PROFESIONAL E DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARZÚA**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da convocatoria é a formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para a cobertura dos postos de profesor do Conservatorio Profesional de Música de Arzúa e da Escola Municipal de Música de Arzúa, nas tres especialidades seguintes: Trompeta, Violín e Violonchelo/Guitarra Eléctrica, ben mentres non se proceda á súa cobertura de xeito definitivo ou ben cando se trate de suplir os postos de traballo durante o tempo en que o/a seu/súa titular non preste os seus servizos por estar en situación de incapacidade temporal, ou por período de vacacións ou por calquera outra circunstancia, xenere ou non vacante no posto de que se trate.

**SEGUNDA.- FUNCIÓNS.**

Os profesores que resulten seleccionados asumirán a función de impartir as clases no horario establecido polo centro de traballo de acordo co programa ofertado polo CMUS e ESMU de Arzúa. Ademais desenvolverán, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Impartir de forma axeitada, responsable e puntualmente as clases asignadas, así como preparar, administrar e corrixir os exercicios e material realizados para o desenvolvemento das clases e da avaliación dos seus alumnos.
- b) Elaborar as programacións didácticas por niveis e materias.
- c) Desenvolver a programación didáctica cos criterios establecidos pola área a que pertenza, tendo en conta a súa adaptación ás peculiaridades de cada alumno.
- d) Realizar unha avaliación continua dos alumnos de acordo cos criterios fixados nas programacións didácticas.
- e) Elaborar ao final de cada curso unha memoria conforme ao solicitado polo Director do Centro.
- f) Comprobar a asistencia dos alumnos á clase e informar de calquera tipo de ausencia ao equipo directivo; así como a intención ou vontade do alumno de causar baixa ou modificación de calquera aspecto da matrícula.

- g) Informar aos pais e orientar aos alumnos sobre a súa marcha e posibilidades académicas e profesionais.
- h) Tratar con respecto e consideración aos pais, alumnos e persoal non docente.
- i) Calquera outra función que lle sexa encomendada polo equipo directivo do Centro (optimización de recursos, impartir clases de orquestra, coro, linguaxe musical, etc... cando o aspirante reúna os requisitos estipulados).

### **TERCEIRA.- REXIME XURÍDICO.**

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal, en réxime de adicación a tempo **parcial, e de interinidade por aplicación do artigo 15.1. .c) do Estatuto dos Traballadores e do artigo 4 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.**

### **CUARTA.- NORMATIVA APLICABLE.**

A normativa de aplicación ven determinada pola seguinte lexislación: □ Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro. □ A Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. □ Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. □ Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. □ Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril. □ Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. □ Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro. □ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. □ Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

### **QUINTA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.**

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas, sen que pareza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación . Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou

especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

No caso de nacionais doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

#### REQUISITOS ESPECÍFICOS

f) Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, dalgún dos seguintes títulos (no caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación) :

- Título de profesor superior ou título de profesor do Plan 66 que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música.

- Título superior de música regulado pola Ley Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación General del Sistema Educativo.

- Título superior de música regulado pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

No caso de que estes títulos se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real Decreto 285/2004, do 20 de febreiro (BOE do 4 de marzo), ou o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE, do Consello das Comunidades Europeas, do 21 de decembro de 1988.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último días do prazo de presentación de solicitudes , e gozar deles ata a data do seu nomeamento como persoal laboral , e será nulo nomeamento de aspirantes que formando parte da bolsa de emprego estén incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### **SEXTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.**

O anuncio desta convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia . As bases de selección publicarase na Taboleiro de Anuncios do Concello, no taboleiro da sede electrónica do Concello e na páxina web. O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Taboleiro da sede electrónica.

#### **SÉTIMA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. alcalde, segundo o modelo establecido no **Anexo I** das presentes bases, no Rexistro do Concello de Arzúa , así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de dez **(10) días hábiles** a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello de Arzúa, as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia, e da documentación anexa á mesma, á dirección de correo electrónico [correo@concellodearzua.com](mailto:correo@concellodearzua.com), no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

**Á instancia unírase necesariamente a seguinte documentación:**

- a) Copia cotexada do DNI ou documento de identificación.
- b) Copia cotexada da titulación esixida na base quinta da presente convocatoria.
- c) No seu caso, acreditación do coñecemento da lingua galega, nivel Celga 4 ou equivalente. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG n.º 34, do 19 de febreiro de 2014.
- d) Ademais, os aspirantes terán que axuntar á súa instancia unha UNIDADE DIDÁCTICA cunha extensión non superior a 10 páxinas (excluíndo a portada, anexos sen límite), en letra arial 12, a dobre espazo.  
Nas especialidades de Violonchelo/Guitarra Eléctrica os aspirantes presentarán unha única unidade didáctica, elixida libremente entre as dúas especialidades de que se trate.  
Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación, salvo que se opte por máis dunha especialidade, en cuxo caso presentaranse tantas unidades didácticas como especialidades, tendo en conta o disposto no parágrafo anterior.
- e) Declaración xurada segundo modelo Anexo III
- f) Documentación acreditativa dos méritos enumerados no ANEXO II

**OITAVA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Arzúa e na páxina web. A resolución pola que se aproba lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as. No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación da devandita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/15.

Rematado o prazo outorgado para a subsanación ou, non caso de non necesidade de subsanación de solicitudes, dende a publicación de relación de persoas aspirantes, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas ás probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello na Sede Electrónica e web municipal, no que se incluírá o nomeamento dos membros do

Tribunal Cualificador, así como a data, hora e lugar para a súa constitución e realización da proba de oposición .

### **NOVENA.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

O tribunal de selección estará composto por presidencia, secretaría e tres vogais, con igual número de suplentes, designados pola Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, todos eles con voz e voto .

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ó disposto nestas bases, na Lei Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas., Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e no resto do ordenamento xurídico.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a. Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do/a seu/súa Presidente/a.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas Bases. Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O tribunal actuará con plena autonomía funcional e será responsable da obxectividade do procedemento, garantindo o cumprimento das bases da convocatoria.

O tribunal terá as seguintes funcións:

- A cualificación dos méritos dos aspirantes.
- A cualificación das unidades didácticas que constitúen o exercicio de oposición.
- A toma de acordos para solventar todas aquelas cuestións que puideran xurdir e non foran contempladas expresamente nas bases da convocatoria.
- A resolución das posibles reclamacións contra o desenvolvemento do procedemento selectivo e os resultados do concurso-oposición.

### **DÉCIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN (CONCURSO-OPOSICIÓN).**

A selección realizarase polo sistema de concurso-oposición, con suxeición aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

A selección de aspirantes realizarase en dúas fases: fase de oposición e fase de concurso.

#### **10.1. Fase de oposición. Máximo 20 puntos.**

- Proba teórico-práctica (máximo 20 puntos) : A proba teórico-práctica consistirá na defensa e exposición ante o tribunal da unidade didáctica presentada por cada un dos aspirantes.

O tribunal poderá realizar aos opositores preguntas de carácter técnico sobre a unidade didáctica (ben para resolver calquera dúbida que lle poda xurdir en relación coa súa exposición, ben para comprobar os coñecementos do aspirante sobre a mesma); ou sobre os seus coñecementos sobre didáctica da música.

O aspirante disporá dun tempo de 15 minutos como máximo para a súa exposición, aos que se poderán engadir os que sexan necesarios para responder ás preguntas ás que se refire o parágrafo anterior.

A proba será valorada no seu conxunto (contido e exposición da unidade didáctica e respostas ás preguntas do tribunal) aplicándolle unha puntuación máxima de 20 puntos.

Será necesario obter unha puntuación mínima de 8,00 puntos para a superación da proba que sexan valorados os méritos da fase de oposición

- Proba de galego: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos e sen axuda do diccionario.

A valoración desta proba realizarase por funcionario/a de carreira, designado/a ao efecto por Resolución de Alcaldía, de entre as seguintes titulacións:

- Diplomado/a en maxisterio, especialidade en lingua galega,
- Licenciado/a en filoloxía galega, ou
- Grado en lingua e literatura galegas.

O exercicio cualificarase como “apto” ou “non apto”. Para superar a proba de galego será necesario obter a cualificación de “apto”.

Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007.

Aos aspirantes que posúan o CELGA 4 atribuiráselles a cualificación de “apto”.

Os exercicios realizaranse a porta cerrada coa única presenza dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

A non presentación dun aspirante no momento de realización dalgún dos exercicios determinará o decaemento do dereito a participar en dita proba, salvo en casos xustificados e debidamente acreditados apreciados libremente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade, pasaporte ou outro documento fidedigno que a xuízo do Tribunal acredite a súa identidade.

A data de realización do exercicio publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa en páxina web e taboleiro edictos Concello con tres días hábiles de antelación ao seu inicio.

O tribunal adoptará as medidas precisas para garantir que os exercicios da fase de oposición que sexan escritos sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para elo modelos impresos para exame nos que non poderá constar ningún dato nin identificación do aspirante na parte da folla normalizada de exame que deba de ser corrixida polo tribunal. O tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos mesmos.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir da publicación das puntuacións correspondentes a cada exercicio para presentar reclamacións a ditas puntuacións.

**10.2. Fase concurso. Máximo 8 puntos.** Será posterior á fase de oposición (valorándose os méritos só daqueles aspirantes que acaden a puntuación indicada como mínima para entender superada a proba de oposición) e non será eliminatoria en caso de non acadar puntuación.

O Tribunal publicará o seu resultado no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello con anuncio na páxina web.

O Tribunal só admitirá documentos **orixinais ou copias cotexadas** para acreditar os méritos.

O Tribunal non valorará os méritos que non estean xustificados dentro do prazo de presentación de instancias.

O tribunal valorará os méritos que concorran nos aspirantes conforme o baremo que se inclúe como **ANEXO II** desta convocatoria, e de acordo coa opción e cos documentos presentados polos aspirantes xunto coa solicitude.

**10.3 Cualificación final, presentación de documentos e formalización de contrato.** A cualificación final das persoas aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. No caso de empate das puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. A maior puntuación obtida na proba teórico-práctica.
- 2.º. A maior puntuación obtida na experiencia profesional.
- 3.º. En caso de persistir o empate este resolverase por sorteo público.

O Tribunal despois da cualificación publicará a lista de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para formar parte da bolsa de emprego , por orde de puntuación, elevando a mesma o alcalde presidente para a súa aprobación.

#### **DECIMOPRIMEIRA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO.**

Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo o orde de puntuación obtida de acordo coas seguintes normas:

11-1.-Os chamamentos aos aspirantes. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente, ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta. Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador se someta a un recoñecemento médico psicolóxico que evalúe a súa adecuación ao posto a desempeñar. No caso de que o traballador resulte non apto non perderá o seu lugar na bolsa de traballo e volverá a ser chamado cando se oferte un posto de distintas características do que foi considerado non apto.

11.2.-Suspensión dos chamamentos. 1. De oficio. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento. 2. Por solicitude do/a interesado/a. Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada. A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

11.3.-Mellora. No caso de que algún integrante da bolsa de traballo estivera contratado ou nomeado e fora a realizarse un novo chamamento para un posto que obxectivamente poda considerarse como de mais longa duración ou de maior xornada poderá solicitar ser contratado ou nomeado con preferencia aos seguintes na lista. O órgano competente o acordará sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

11.4.-Situación na bolsa de traballo. 1. Os integrantes da bolsa de traballo non



perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para o que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista. 2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto nestas bases, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo. 3. Os integrantes da bolsa de traballo que renuncien á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

11.5.-Nomeamentos e cesamentos. Poderán conferirse nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións do seu titular. Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Chamado o aspirante correspondente para o seu nomeamento achegará no prazo de ( 3 ) días hábiles:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada ( Anexo III )de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista de puntuación do Tribunal previo requerimento e presentación de documentación nos termos indicados no párrafo anterior .

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo presentando dita documentación, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente e indicándolle data de sinatura do contrato. O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

11.6.-Extinción da bolsa de traballo. A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases extinguirase unha vez transcorridos **dous anos** a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos do concello da Resolución da alcaldía que a aprobe, ou cando se produza un novo proceso selectivo, temporal ou definitivo, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

## **DECIMOSEGUNDA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases da presente convocatoria vinculan á Administración, ao Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen neste proceso selectivo.

### **DECIMOTERCEIRA. PROTECCIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Respetarase o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, en relación os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal . Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei

### **DECIMOCUARTA.-REXIME XURÍDICO**

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

### **DECIMOQUINTA. RECURSOS.**

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo , no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. alcalde-presidente, en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

Oficial da Provincia. Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a



## ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE

Don/Dona .....,  
con DNI número ....., e domicilio a efectos de notificación en  
....., con  
número de teléfono..... e dirección de correo  
electrónico .....

### EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións temporais e nomeamentos interinos de profesor para o Conservatorio Profesional de Música e a Escola Municipal de Música de Arzúa, considerando que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria

### SOLICITA:

Tomar parte nas probas de selección mediante o sistema de concurso-oposición para a especialidade instrumental de \_\_\_\_\_, para o que adxunta a documentación (orixinal ou mediante copia compulsada) sinalada cun X na seguinte relación:

- D.N.I.
- Titulación esixida segundo o establecido na base 5.<sup>a</sup> da convocatoria
- No seu caso, documento acreditativo, debidamente cotexado, de estar en posesión do Celga 4
- Declaración xurada segundo modelo Anexo III
- Unidade didáctica na especialidade instrumental anteriormente sinalada
- Documentación acreditativa dos méritos enumerados no ANEXO II

Manifestando así mesmo, que acepta as condicións e mailos compromisos que figuran nas bases da presente convocatoria.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

Sinatura do solicitante

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA**



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

**ANEXO II BAREMO DE MÉRITOS**

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
<b>1. Experiencia docente (máximo 4 puntos)</b>		
1.1. <u>Por cada ano de experiencia docente na especialidade á que opta o aspirante en conservatorios profesionais públicos</u>	1,000	<p>Certificación do secretario do centro co visto e prace do director, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de conservatorios profesionais de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.1. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
1.2. <u>Por cada ano de experiencia docente en especialidades diferentes ás que opta o aspirante en conservatorios profesionais públicos</u>	0,500	<p>Certificación do secretario do centro co visto e prace do director, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles, na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de conservatorios profesionais de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.2. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
1.3. <u>Por cada ano de experiencia docente na especialidade á que opta o aspirante noutros centros (centros autorizados, escolas de música, academias privadas)</u>	0,500	<p>Certificación do director do centro na que conste a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de escolas de música de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.3. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
1.4. <u>Por cada ano de experiencia docente en especialidades diferentes ás que opta o aspirante noutros centros (centros autorizados, escolas de música, academias privadas)</u>	0,250	<p>Certificación do director do centro na que conste a data de tomade posesión e cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de escolas de música de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.3. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
<b>2. Formación académica (máximo 2 puntos)</b>		

<p>2.1. <u>Expediente académico no título alegado sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para o ingreso no conservatorio; valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:</u></p>		<p>Certificación académica persoal orixinal ou fotocopia cotexada, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado</p>
<p>2.1.1. Dende 6,00 e ata 7,50</p>	<p>0,500</p>	
<p>2.1.2. Dende 7,51 e ata 10</p>	<p>1,000</p>	
<p>2.2. <u>Doutoramento e premios extraordinarios:</u></p>		
<p>2.2.1. Por posuír o título de doutor (na titulación alegada para ingreso no conservatorio), máster ou título de posgrado</p>	<p>1,000</p>	<p>Certificación académica ou fotocopia cotexada do título ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo)</p>
<p>2.2.2. Por obter premio extraordinario no doutoramento da titulación alegada para o ingreso no conservatorio</p>	<p>0,500</p>	<p>Documento xustificativo</p>
<p>2.2.3. Por obter premio extraordinario na titulación alegada para ingreso no conservatorio</p>	<p>0,500</p>	<p>Documento xustificativo</p>
<p><b>3. Outros méritos (máximo 2 puntos)</b></p>		
<p>3.1. <u>Por cursos superados, relacionados co ensino, organizados polas administracións educativas, por conservatorios e escolas de música públicas ou por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas anteditas administracións, así como os organizados polas universidades: puntuarase 0,10 puntos por cada 10 horas de curso. Para estes efectos sumaranse as horas de todos os cursos, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10</u></p>	<p>Ata 1,000</p>	<p>Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación</p>
<p>3.2. <u>Méritos artísticos relacionados coa especialidade á que aspire:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Por composicións estreadas, concertos como solistas ou obras literarias de consulta e científicas publicadas</li> <li>-Por premios en certames, festivais e en concurso de ámbito nacional e internacional</li> </ul>	<p>Ata 1,000</p>	<p>Orixinal ou fotocopia cotexada de programas, exemplares, críticas, publicacións, etc.</p>
<p><b>3.3. Coñecemento da lingua galega: N00000</b></p>		



<p><b>Celga 5; título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués); calquera licenciatura ou diplomatura con 18 créditos cursados de lingua galega ou os certificados de ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas</b></p>	<p><b>0,500</b></p>	<p><b>Orixinal ou fotocopia cotexada do diploma acreditativo</b></p>
--	---------------------	--

**Puntualizacións:**

a) Para os efectos do apartado 1:

- Non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.
- Os servizos prestados no estranxeiro acreditaranse mediante certificados expedidos polos ministerios de Educación dos respectivos países ou autoridades públicas competentes en que deberán constar o tempo de prestación de servizos e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao galego ou, no seu defecto, ao castelán.
- Cando non se acredite a materia impartida ou esta non coincida con algunha das especialidades obxecto desta convocatoria, os servizos entenderanse prestados en distinta especialidade a que se opta, segundo corresponda.

b) Nas seguintes epígrafes, por cada mes súmanse as seguintes puntuacións:

- epígrafe 1.1: 0,0583 puntos.
- epígrafe 1.2: 0,0291 puntos.
- epígrafe 1.3: 0,0125 puntos.
- epígrafe 1.4: 0,0083 puntos.

c) Para a obtención da nota media do expediente académico do apartado 2.1, nos casos en que non figure a expresión numérica completa aplicaranse as seguintes equivalencias, con independencia da convocatoria en que se obtivesen:

- Aprobado e apto: cinco puntos.
- Ben: seis puntos.
- Notable: sete puntos.
- Sobresaliente: nove puntos.
- Matrícula de honra: dez puntos.

d) En ningún caso serán valorados aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.





### ANEXO III MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

Don/dona .....,  
con DNI número ....., e domicilio a efectos de notificación en  
....., con  
número de teléfono ..... e dirección de correo  
electrónico.....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.- Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

Segundo.- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro.- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións temporais e nomeamentos interinos de profesor para o Conservatorio Profesional de Música e a Escola Municipal de Música de Arzúa, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

Arzúa ....., de .....de 2019.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARZÚA

En Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O alcalde

Asdo: José Luis García López